

RESOLUCIÓN DA XEFATURA TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DO MAR DA CORUÑA POLA QUE SE AUTORIZA O EMPREGO DA LISTA DE RESERVA XURDIDA DA RELACIÓN DEFINITIVA DE PERSOAS NON SELECCIONADAS PARA TER ACCESO AO PERMISO DE EXPLOTACIÓN PARA MARISQUEO A PÉ NA CONFRARÍA DE BARALLOBRE

ANTECEDENTES

Primeiro. Mediante a Resolución do 25 de agosto de 2022, da Xefatura Territorial da Consellería do Mar na Coruña, publícase a relación definitiva de aspirantes seleccionados e non seleccionados para o acceso ao permiso de explotación na modalidade de marisqueo a pé para o exercicio da actividade extractiva no ámbito territorial da confraría de pescadores de Barallobre. A lista de non seleccionados constitúe unha lista de reserva, que poderá ser empregada para cubrir as prazas vacantes que se produzan durante o ano da súa vixencia.

Segundo. O día 5 de outubro de 2022, a Confraría de Barallobre solicita o emprego da lista de reserva para cubrir unha (1) praza vacante.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

Primeiro. Esta Xefatura Territorial é o órgano competente para o outorgamento dos permisos de explotación de conformidade co establecido no Decreto 425/1993, do 17 de decembro, polo que se refunde a normativa vixente sobre o permiso de explotación para exercer a actividade pesqueira e marisqueira, modificado polo Decreto 114/2007, de 31 de maio e polo Decreto 48/2013, do 7 de marzo.

Segundo. A Orde da Consellería do Mar do 15 de xullo de 2011 pola que se regula o permiso de explotación para o marisqueo a pé (DOG nº 144 de 28 de xullo de 2011) establece no seu artigo 7 a constitución dunha lista de reserva integrada pola relación definitiva de persoas non seleccionadas que non foron excluídas do procedemento selectivo, cunha vixencia dun (1) ano que se contará desde o día seguinte ao da data da resolución da xefatura territorial.

A confraría de pescadores ou entidade asociativa, de conformidade coa agrupación sectorial, de estar constituída, poderá solicitar á xefatura territorial correspondente o emprego da lista de reserva nos seguintes supostos:

- a) Cando se produzan praza vacantes durante o proceso de outorgamento.
- b) Cando se produzan praza vacantes durante a vixencia dos plans de xestión correspondentes.

A confraría de Barallobre solicita con data 5 de outubro de 2022 o emprego da lista de reserva para cubrir unha (1) praza vacante xurdida pola renuncia dunha persoa titular do permiso de explotación a pé durante a vixencia do plan de explotación.

Terceiro. Correspóndelle a esta Xefatura Territorial ditar esta resolución de acordo co disposto

Xefatura Territorial da Coruña
Rúa Ramón y Cajal, 2 5º andar (Casa do Mar)
15006 A Coruña
Tel.: 981 182 000
xfaturaterritorial.mar.coruna@xunta.gal



no Decreto 245/2009 do 30 de abril, polo que se regulan as delegacións territoriais da Xunta de Galicia.

Á vista do exposto, esta Xefatura Territorial, en virtude das competencias atribuídas,

RESOLVE:

Autorizar o emprego da lista de reserva para cubrir unha (1) praza vacante e publicar o nome da persoa seleccionada para o outorgamento do permiso de explotación de marisqueo a pé na confraría de Barallobre:

Apelidos e nome D.N.I.

KAWAS DILATI KARIN ***1858***

Nota: ocúltase parcialmente o número de D.N.I. en aplicación das garantías de protección da súa divulgación, seguindo o establecido pola Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e Garantía dos Dereitos Dixitais en relación á identificación dos interesados nas notificacións por medio de anuncios e publicacións de actos administrativos, así como a orientación para a súa aplicación da Axencia Española de Protección de Datos.

A persoa seleccionada deberá acreditar no prazo de quince (15) días hábiles, que se contarán dende o día seguinte ao que se publique esta resolución, os requisitos para obter o permiso de explotación; de non facerse así neste prazo, entenderase que decae do seu dereito.

Debe presentar a seguinte documentación:

- a) Fotografía co seu nome e DNI escrito por detrás.
 - b) Documento médico que acredite que a persoa non está incapacitada para exercer os labores de marisqueo.
 - c) No caso de non ter sido asinada a autorización da consulta: certificado que acredite que a persoa non é perceptora da renda de integración social de Galicia (RISGA). As persoas perceptoras da renda de integración social de Galicia, deberán renunciar a ela.
 - d) No caso de non ter sido asinada a autorización para a consulta: certificado da Seguridade Social que acredite que a persoa non é perceptora de pensións de xubilación, grande invalidez, incapacidade permanente absoluta, incapacidade permanente total, en favor de familiares.
 - e) No caso de non ter sido asinada a autorización para a consulta do certificado de mariscador no caso de que o posúan e non fose presentado coa solicitude: copia do certificado de mariscador. Aquelas persoas que non o posúan, terán que realizar o curso a primeira vez que sexan convocados - salvo causa debidamente xustificada pola Dirección xeral de Desenvolvemento Pesqueiro.
 - f) No caso de non ter sido asinada a autorización para a consulta: certificado que acredite estar empadroadado/a nun municipal do litoral de Galicia.
- A documentación requirida deberá dirixirse á Xefatura Comarcal do Mar en Ferrol.

Se dentro do prazo fixado non presentase a documentación ou do exame dela se deducise que carecen dalgún dos requisitos sinalados na base I.2. da convocatoria do proceso selectivo do 1 de xuño de 2021, entenderase que desiste da súa solicitude (excepto o certificado de

Xefatura Territorial da Coruña
Rúa Ramón y Cajal, 2 5º andar (Casa do Mar)
15006 A Coruña
Tel.: 981 182 000
xefaturaterritorial.mar.coruna@xunta.gal





mariscador, apartado III. d) das bases da convocatoria). Neste caso, emitirase unha nova resolución modificándoa, na que se indicarán as persoa aspirante seleccionada pola desistencia da persoa que non presentou a documentación ou carece dos requisitos, outorgándolle un prazo de quince (15) días hábiles, que se contarán a partir do día seguinte ao da publicación da nova resolución, para que achegue a documentación que figura na base III da convocatoria.

De conformidade co disposto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (BOE núm. 236, do 2 de outubro de 2015), contra esta resolución, que non esgota a vía administrativa, poderán interpor recurso de alzada ante a conselleira do Mar no prazo de un mes a contar dende o día seguinte ó da súa notificación.

A xefa Territorial
María Cancelo Baquero

